

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	6º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvólvese no CEIP A Guía, centro ubicado na parroquia de Meira, pertencente ao concello de Moaña, na provincia de Pontevedra. O colexio está formado por dous niveles de Educación Infantil e seis niveles de Educación Primaria, sendo este un centro de unha única liña e oito unidades.

Esta programación está dirixida ao alumnado de 6º curso de Primaria, un grupo de 11 alumnos/as , 5 nenas e 6 nenos, que comparten aula dende pequenos. Este ano incorporouse un neno ao grupo procedente dun centro de Vigo, para o cal se realizou unha serie de actividades de acollida que se levaron a acabo satisfactoriamente.

Na aula de 6º de Ed Primaria, seguimos un ano máis co proxecto e-dixgal, polo que cada neno/a ten o ordenador portatil, o mesmo do curso pasado, co que traballarán os contidos dixitais das diferentes editoriais, así coma unha gran cantidade de recursos elaborados polos mestres ou baixados de internet. O alumnado coñece perfectamente o manexo da plataforma.

O equipo de mestres que os atende son os seguintes: O titor, mestra de Educación Musical, mestra de Educación Física, mestra de Lingua Inglesa, mestra de Relixión, 1 mestras de PT.

A situación do centro permítenos aproveitar unha infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia, monte, etc. Ademais este curso traballaremos o proxecto integrado de centro: Campaña Solidaria dende A GUÍA

Levarase a cabo, na medida do posible, o traballo de forma intradisciplinar, relacionando o tema do proxecto cos catro bloques de contidos que forman a materia; o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización". Todo isto levarase a cabo nas 7 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando 3 unidades no 1º trimestre, 2 no 2º trimestre e 2 no 3º trimestre, as cales se traballarán dentro da plataforma E-DIXGAL.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A NOSA SAÚDE	Niveis de organización: saúde e enfermidade. Enfermidades infecciosas e nojn infecciosas: patóxenos, tipos, prevención e tratamentos. Previr e tratar as enfermidades.	14	9	X		
2	OS ALIMENTOS	Os nutrientes. Tipos de alimentos. Dietas equilibradas. Etiquetas. Alimentación inadecuada.	14	9	X		
3	NUTRÍMONOS	Significado da función de nutrición. Dixestión. Respiración. Circulación. Excreción.	12	8	X		
4	RELACIONÁMONOS E REPRODUCÍMONOS	Os órganos dos sentidos. O sistema nervioso. O aparato locomotor. O noso ciclo de vida. A función de reprodución. O aparato reprodutor feminino e masculino.	15	11		X	
5	MATERIA E ENERXÍA	Cambios na materia. A flotación. Cambios nos corpos por acción das forzas. Os gases na natureza. Cómo se comporta a atmosfera.	15	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	MATERIA E ENERXÍA	Mesturas. Enerxía. A luz. O son.	15	11		X	
6	ELECTRICIDADE E MAGNETISMO	A electricidade: tipos. Circuitos eléctricos. Magnetismo. Electromagnetismo.	15	11			X
7	DIXITALIZACIÓN E PROXETO	As novas tecnoloxías. Uso axeitado das tecnoloxías. Perigos das redes sociais	15	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A NOSA SAÚDE	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos	PE	28
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	72
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables,		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. - A función de relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor. - Principais enfermidades que afectan os aparellos e sistemas do organismo humano. Pautas para a súa prevención. - Pautas para a prevención de riscos e accidentes. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios. - Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, prevención e consecuencias do consumo de drogas, xestión saudable do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais, estratexias para o fomento de relacións sociais saudables e fomento do coidado das persoas. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados etc.) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
2	OS ALIMENTOS	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Diseña posibles solucións aos problemas expostos	PE	30
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	70
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene e a prevención de accidentes e enfermidades.	Adopta hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie.
- Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	NUTRÍMONOS	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos	PE	30
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	70
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables.		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables e reflexionando sobre o uso adecuado de novas tecnoloxías e a xestión do tempo libre.	Identifica actitudes que fomenten o benestar emocional e social, fomentando relacións afectivas saudables		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - A función de nutrición e aparellos que interveñen (respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor). - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable: menús saudables e equilibrados. A importancia da cesta da compra e da etiquetaxe dos produtos alimenticios para coñecer os seus nutrientes e a súa achega enerxética. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Proxectos de deseño e pensamento computacional:

Contidos
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	RELACIONÁMONOS E REPRODUCÍMONOS	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais	PE	45
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	55
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables,		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade.

Contidos

- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Coñecemento do corpo humano: anatomía e fisioloxía. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Aspectos básicos das funcións vitais do ser humano desde unha perspectiva integrada: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie.
- A función de relación. Os órganos dos sentidos, o sistema nervioso e o aparello locomotor.
- A función de reprodución. O aparello reprodutor e órganos que interveñen.
- Os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma positiva tanto nun mesmo como nos demais. Educación afectivo-sexual.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
 - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
 - Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
5	MATERIA E ENERXÍA	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseña e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo.	PE	40
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	60
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables,		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA3.1 - Identificar e analizar as características e as propiedades da materia a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas, instrumentos e procesos adecuados.	Identifica e analiza as características e as propiedades da materia.		
CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable.	Recoñece e explica as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Propiedades da materia. Concepto de densidade e a súa relación coa flotabilidade dun obxecto nun líquido. - Realización de experiencias para estudar as propiedades de diferentes materiais de uso común. - As fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia na contribución ao desenvolvemento sustentable da sociedade. - As formas de enerxía e as súas transformacións. - As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
6	ELECTRICIDADE E MAGNETISMO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseña e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo.	PE	45
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	55
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables,		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses.
- Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo.
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos).
- Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual).
 - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
 - Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
 - Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).

UD	Título da UD	Duración
7	DIXITALIZACIÓN E PROXETO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas.	Deseña e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo.	PE	32
CA4.3 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de pensamento de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos.	Deseña posibles solucións aos problemas expostos		
CA4.4 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados.	Desenvolve un produto final que dea solución a un problema de deseño		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre un tema específico.	TI	68
CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca, selecciona e contrasta información, de diferentes fontes seguras e fiables,		
CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica e explicando os pasos seguidos.	Analiza a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións utilizando unha linguaxe científica		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo.	Recoñece a través de pequenas investigacións as propiedades do aire analizando os principios básicos do voo.		
CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente		
CA4.2 - Expor problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos.	Expon problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixita		
CA4.5 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e propoñendo posibles retos para futuros proxectos.	Comunica o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - As propiedades do aire e a súa interacción cos obxectos dependendo da súa forma. As forzas implicadas no voo. Principios básicos da aerodinámica. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección,

Contidos

- organización e propiedade intelectual).
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima.
- Fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema).
- Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe.
- Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna.
- Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto.
- Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D).
- Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Ciencias da natureza seguiremos as seguintes liñas metodolóxicas:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe..
- Actividades que partan da observación e experimentación para coñecer os fenómenos naturais da vida cotiá e a comprensión dos cambios da contorna causados pola actividade humana de xeito vivencial e transversal. Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

METODOLOXÍA ACTIVA

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino / aprendizaxe.

MOTIVACIÓN

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

- A utilización dunha linguaxe sinxela axeitada ao seu nivel, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, a xerarquización das cales varía segundo a natureza de cada programa.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudio e unha revisión final.

APRENDIZAXE COOPERATIVA

Na práctica educativa da aula utilizaremos estruturas e dinámicas cooperativas que permitan ao alumnado assimilar os contidos cooperando cos seus iguais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses.

PROGRAMA EDIXGAL

Faremos un uso axeitado dos soportes electrónicos así coma dos aplicativos que nos ofrece a maqueta abalar dentro

do programa E- dixgal, sabendo diferenciar o que forma parte do coñecemento do que é ocio e desfrute.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS ESPACIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, orientadora... Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, biblioteca de aula e de centro, mochilas viaxeiras.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, horta do centro, aula de informática, aula da radio escolar, así como os diversos espazos da contorna.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores e PDI coa maqueta abalar.

RECURSOS DIXITAIS: Entorno virtual de aprendizaxe E- dixgal, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, entre outros.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpora o alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica (esta farase de forma oral). Dita avaliación levarase a cabo mediante:

-Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia .

-Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Xuntanza co Departamento de Orientación así coma coma co mesre/a titor/a do curso pasado, para recollir información relevante do alumnado.

Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Describir as características básicas dos elementos do medio natural de forma oral ou escrita.

Identificar os diferentes características dos animais.

Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.

Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	12	15	15	15	15	100
Proba escrita	28	30	30	45	40	45	32	36
Táboa de indicadores	72	70	70	55	60	55	68	64

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo nos cadernos, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas (controis, exames...). Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores e probas escritas que imos utilizando en cada UD

A nota final, será a media das tres avaliacións anteriores. Se resultase un decimal, se éste é 5 ou maior, redondearase á unidade superior.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

- Partiremos do nivel de cada alumno/a.

- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

O reforzo educativo realízase tanto dentro, coma fora da aula ordinaria, polo titor e, noutras ocasións, polas mestras

especialista en pedagogía terapéutica .

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro . Ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo (estas sesións levaranse a cabo o último venres do mes).

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias temos o apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe. Neste caso a especialista en Pedagogía Terapéutica realizarán 2 sesións de apoio tanto dentro coma fora da aula.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, ...

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais, dispoñibilidade de rede nos fogares...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento		X	X	X	X		
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos			X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable			X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.10 - Desenvolvemento sustentable		X	X	X	X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito						X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ás mariscadoras de Moaña	Entraremos en contacto (coñecendo todo tipo de detalles) cunha das profesións máis frecuentadas na zona.		X	
Museo MARCO	Descubrir a través da arte a historia contemporánea da nosa contorna			X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Conseguíuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas actividades ou probas?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a

través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres. Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 3º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A materia de Valores éticos e cívicos é unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

Nesta materia axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación primaria que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e liberdade fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerantes ante as dificultades.

Ao mesmo tempo reforma a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora de cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Esta materia responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencia a participación individual para lograr fins colectivos.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

1. Autoconñecemento e autonomía moral
2. Sociedade , xustiza e democracia
3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

Gracias a esta área traballaranse valores que o alumnado porá en práctica en todo momento a hora de levar a cabo o proxecto integrado de centro "CAMPAÑA SOLIDARIA DENDE A GUÍA"

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconñecemento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Sei como son e teño o control	Respectas os demais?. A resiliencia. O autocontrol. Emocións positivas e negativas; como as expreso.	33	13	X		
2	Tomo as miñas decisións	Confianza. Toma de decisións. Inicitativa ante unha boa idea. Tranquilidade ante a frustración.	33	11		X	
3	Falamos e resolvemos conflitos coma cidadáns do mundo	Aprendemos a argumentar. A escoita activa. O altruísmo Importancia da liberdade de pensamento e cando está en risco a liberdade de expresión. Como me teño que comportar para ser un bo cidadán do mundo.	34	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Sei como son e teño o control	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	Constrúe un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza	TI	100
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Identifica e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Reflexiona e asume un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero.		
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Comprométese activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta		
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza dos seres humanos: - As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepitibilidade dos individuos. - As características que definen a persoa: - Ser natural, ser vivo, ser animal. - A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano. - O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións: - O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros. - A educación das emocións e dos sentimentos:

Contidos

- O autocontrol. A xestión dos sentimentos.
- A ética como guía das accións:
- A polaridade dos valores: virtudes e defectos.
- O pensamento crítico e ético en acción:
- O ser humano como ser social por natureza:
- A democracia como mellor modo de convivencia:
- O problema da consecución da xustiza na democracia.
- O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia:
- A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais.
- O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.
- Natureza humana e natureza animal:
- Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos.
- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:
- O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos.
- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:
- A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do chan e dos bosques e da protección do planeta.

UD	Título da UD	Duración
2	Tomo as miñas decisións	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento		
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Contribue a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolve unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Avalia diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible.		
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A natureza dos seres humanos:

Contidos

- As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepeticibilidade dos individuos.
- As características que definen a persoa:
- Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir.
- Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón.
- A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano.
- O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións:
- A responsabilidade sobre as accións propias.
- A educación das emocións e dos sentimentos:
- A autoestima persoal.
- A ética como guía das accións:
- Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso.
- O pensamento crítico e ético en acción:
- Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas.
- O debate sobre os límites da liberdade de expresión.
- A democracia como mellor modo de convivencia:
- Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia.
- A cultura da paz e da non violencia:
- O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.
- A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista.
- O respecto da diversidade cultural e das tradicións:
- A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural.
- Natureza humana e natureza animal:
- Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade.
- A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable:
- O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal.
- Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible:
- O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos.
- A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Falamos e resolvemos conflitos coma cidadáns do mundo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	Xera unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso	TI	100
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Promove e amosa un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica		
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Comprende e valora os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas,		
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Interactúa cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Xestiona pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza dos seres humanos: - A igualdade en dignidade de todos os seres humanos. - O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións: - A autonomía da vontade. - A educación das emocións e dos sentimentos: - A educación afectivo-sexual. - O pensamento crítico e ético en acción: - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión. - Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos. - O ser humano como ser social por natureza: - Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. - A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais. - A democracia como mellor modo de convivencia: - O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. - A cultura da paz e da non violencia: - O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. - O respecto da diversidade cultural e das tradicións: - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono. - Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible: - O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, conscente de ser responsable da súa aprendizaxe.

Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade : O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.
- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espírito crítico
- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos
- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno do alumnado
Libro dixital (Plataforma edixgal)
Recursos audiovisuais.
Presentacións multimedia.
Fichas elaboradas polo mestre

Cada un destes recursos poderá ser empregado para desenvolver a materia ao longo do curso, sempre tendo en conta a posibilidade de adaptación dos recursos a todo o alumnado de aula, flexibilizando sempre en tempo ou na mesma escolla dos recursos no caso de precisar aplicar varios diferentes na mesma sesión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpora o alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica (esta farase de forma escrita). Dita avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia .

- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...

- Xuntanza co Departamento de Orientación así coma coma co mesre/a titor/a do curso pasado, para recoller información relevante do alumnado.

Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Levaranse a cabo unhas probas escritas nas que se avaliará o nivel competencial en; expresión escrita, vocabulario e gramática, así coma compresión escrita. Tamén se avaliará a expresión e compresión oral. O resultado daranos información para saber de onde temos que partir.

Valorarase tamén a autonomía e os aspectos afectivo- sociais.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo nos cadernos, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas (controis, exames...). Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores e probas escritas que imos utilizando en cada UD

A nota final, será a media das tres avaliacións anteriores. Se resultase un decimal, se éste é 5 ou maior, redondearase á unidade superior.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das

competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

O reforzo educativo realízase tanto dentro, coma fora da aula ordinaria, polo titor e, noutras ocasións, polas mestras especialista en pedagogía terapéutica .

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avlíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro . Ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo (estas sesións levaranse a cabo o último venres do mes).

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias temos o apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe. Neste caso a especialista en Pedagogía Terapéutica realizarán 2 sesións de apoio tanto dentro coma fora da aula.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, ...

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais, dispoñibilidade de rede nos fogares...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico e cinetífico	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz.	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo - sexual	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas a contorna.	Para coñecer a contorna e explorar os recursos que nos aporta.	X	X	X
Obradoiros.	Realizados os mércores: horta, expresión escrita...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar 23-24	X	X	
Visitas a museos, organismos culturais ou outro centros de interese.	Aquelas que oferten diferentes organismo.	X	X	X
Saíde de fin de curso	Saída relacionada co proxecto integrado de centro: campaña solidaria dende a Guía.			X
Excursión fin de etapa	Saída co alumnado de sexto varias xornadas como despedida da etapa de primaria.			X

Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe na consecución dos obxectivos propostos na área para o sexto curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Temporalización.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización de recursos materiais
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención a diversidade.
Clima de traballo na aula
Rol do docente.
Motivación do alumnado

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente.

Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	6º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	70
4.2. Materiais e recursos didácticos	71
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	72
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	74
6. Medidas de atención á diversidade	76
7.1. Concreción dos elementos transversais	77
7.2. Actividades complementarias	79
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	80
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	81
9. Outros apartados	81

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 6º curso de Educación Primaria, realizada en base a concreción Curricular e tendo en conta o Decreto 44-2, no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 6º de E. Primaria:

Ámbito cognitivo: están no período de operacións concretas (Piaget), diminución do pensamento egocéntrico e aumento da capacidade de centrarse en máis dun estímulo.

Ámbito motor: comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Teñen certa torpeza motora, debido a un rápido crecemento óseo, pode producirse un desaxuste entre a altura e a Forza muscular.

Ámbito afectivo-social: comeza a etapa xenital do desenvolvemento psicosexual. O grupo de iguais comeza a desempeñar un papel moi importante

Contextualización:

O CEIP Da Guía está no concello de Moaña, na parroquia de Meira, e atende a unha poboación escolar nun entorno semiurbano de vivendas unifamiliares, na súa maior parte.

O nivel socio cultural da zona é medio, con moitas familias onde traballan os dous país, quedando os nenos ao coidado dos avós, pero preocupados pola educación dos seus fillos. A actividade económica das familias é moi variada; unha parte importante da poboación vive de actividades relacionadas co mar (pesca, marisqueo, bateas, asteleiros...) e con traballos relacionados co sector servizos.

En canto ao idioma vehicular, a totalidade do alumnado entende o galego, aínda que o uso do castelán é maioritario. O centro é dunha línea con seis unidades de educación primaria e dúas de educación infantil, e conta cun total de catorce Mestres.

A distribución horaria do centro é de xornada única cun horario de 9:05 a 14:05 horas desde setembro a xunio. O tempo de recreo é de 11:35 a 12:05, e polas tardes organización de actividades extraescolares da ANPA en sesión dunha hora de 16:00 a 17:00.

O centro consta dun edificio onde se atopan dúas aulas de Educación Infantil; seis de Educación Primaria; sala de profesores; secretaría; xefatura de estudos e dirección; departamento de orientación; Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe; aula de inglés; aula de música; biblioteca; comedor ; aula de informática; cuarto de materiais; baños e ximnasio.

- Curso: 6º

- Nº alumnos/as: 11 (5 nenas e 6 nenos)

- Instalacións: ximnasio, patio exterior, zona verde no exterior

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
- 8.- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.
- 9.- Xogos variados, para traballar de forma lúdica as diferentes temáticas da materia.
- 10.- Vídeos de plataformas coma YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas...
- 11.- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.
- 12.- Material funxible como o caderno para os apuntamentos, fichas, debuxos, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral, comprensión escrita, e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. A avaliación inicial levarase a cabo, mediante exercicios orais e escritos, individuais e en gran grupo, reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración. O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado, rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	13	13	13	13	13	13	6	6	10	100
Proba escrita	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
Táboa de indicadores	57	57	57	57	57	57	57	57	57	57

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno, os exames... Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores poderán ser rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución das tarefas, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a. Por todo isto, a nota final será a nota da terceira avaliación.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Levaranse a cabo apoios e reforzos educativos cando se considere oportuno, co fin de que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo, poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as

aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Inclúílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Os dereitos da Infancia	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional	X
ET.7 - Igualdade entre mulleres e homes	X
ET.8 - Os dereitos da Infancia	X
ET.9 - A resolución pacífica de conflitos	X

Observacións:

Nesta programación seleccionamos estes elementos transversais, pero traballaremos todos aqueles que poidan ir xurdindo ao longo do curso, xa sexa porque xurdan de forma espontánea ou por cuestións de actualidade. Consideramos que todos eles, con maior ou menor peso, son traballados nas distintas unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1.- Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
2.- Visitas ao centro	Contacontos, profesionais de distintos sectores....	X	X	X
3.- Conmemoracións da escola	Samaín, magosto, Nadal, Entroido, 8-M,	X	X	X
4.- Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Christmas, Easter....	X	X	X
5.- Actividades relacionadas co tema do proxecto interdisciplinar de centro	Este curso traballarase "Campaña solidaria dende A Guía"	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo na aula.

Trátase de aproveitar o traballo de ditas actividades para enriquecer o vocabulario e expresións na LE.

En relación ao proxecto interdisciplinar de centro, que este curso será "Campaña solidaria dende A Guía" destacar que ao longo do curso irán xurdindo distintas actividades vinculadas ás unidades didácticas que se presten a elo. Trátase dun tratamento interdisciplinar desta temática con todas as áreas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Considérase axeitada a aplicación dos criterios de avaliación de aprendizaxe.
Metodoloxía empregada
Foi axeitada a metodoloxía empregada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Levou a cabo un aproveitamento dos recursos cos que contamos.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Feron axeitadas as medidas de apoio empregadas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados..
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo do alumnado.
Consegiuse unha boa relación cos distintos sectores que conforman a comunidade educativa.

Descrición:

Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado...estes indicadores de logro permitirannos avaliar o nos proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, escolleremos as que consideremos máis oportunas.

A recollida de información farase ao final de cada trimestre, tendo en conta sempre as anotacións que temos das distintas sesións con observacións, así como os resultados acadados.

Todos estes datos serviránnos para mellorar o noso proceso de ensino e a nosa práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados nas sesións de avaliación polo resto de profesorado que traballa con ese grupo, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	53
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	54
6. Medidas de atención á diversidade	55
7.1. Concreción dos elementos transversais	56
7.2. Actividades complementarias	57
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	58
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	59
9. Outros apartados	59

1. Introducción

Está programación está destinada ós alumnos/as de 5º curso de educación primaria do CEIP A Guía (Moaña). A aula ten escolarizados 11 alumnos, 6 nenos e 5 nenas, un deles incorporouse neste curso ao grupo. Son nenos que presentan distintos ritmos de aprendizaxe. O nivel madurativo tamén é moi desigual, é un grupo moi movido e charlatán. A maioría do alumnado deste grupo está xunto dende a etapa de educación infantil.

Na aula imparten docencia os seguintes especialistas.

1. Unha mestra de educación física, que imparte dúas sesións semanais.
2. Un mestre de educación musical, que imparte unha sesión semanal de música.
3. Unha mestra de lingua estranxeira (inglés).
4. Unha mestra de relixión, que imparte unha sesión á semana.
5. Unha mestra especialista en pedagogía terapéutica.
6. O centro, ademáis, conta cunha orientadora compartida con outro CEIP, que ven dous días á semana.
7. O mestre titor de 1º de primaria, que imparte a área de ciencias sociais.

A aula dispón dun encerado dixital co seu correspondente proxector é durante este curso todo o alumnado terá coma ferramenta de traballo un ordenador portátil, xa continuamos co proxecto E-DIXGAL. Isto incrementou e incrementará as posibilidades de acción educativas e a conseguinte mellora da práctica diaria escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Como montar en bicicleta	O dicionario Textos literarios e non literarios. A comunicación. Sílabas tónica e átona. Describe un compañeiro.	10	14	X		
2	A ponte dos suspiros	Sinónimos e antónimos. Xéneros literarios. Clases de sustantivos, xénero e número. Reglas de acentuación. Recitar poesía.	10	12	X		
3	Crinas ao vento	Palabras polisémicas. Poesía: métrica e tipos de versos. Os determinantes. Hiatos e ditongos. Facer unha enquisa.	10	12	X		
4	Rimar sen parar	Palabras homónimas. Poesía: rimas e estrofas. O a drectivo: os graos. Acentuación diacrítica. Escribir un correo electrónico.	10	12	X		
5	Terror na cociña	Palabras primitivas e derivadas. Poesía: tipos de poemas. Figuras retóricas. Os pronomes persoais. Os signos de puntuación.	10	15		X	
6	Un océano de aventuras	Palabras simples e compostas. Recursos literarios: metáfora e comparación. O a dverbo e as preposicións. As contraccións. Compor un poema.	10	15		X	
7	Quero que veñan meus pais!	Familia de palabras. Narracións: conto e relato curto. O verbo: persoa e número. Palabras con b e v. Locutar un anuncio.	10	15		X	
8	Rúas de choiva	Morfemas e lexemas, prefixos e sufixos. Narracións: a novela. O verbo: tempo e modo. Palabras con h, cc, ct, c, z, qu. Expresar desexos.	10	15			X
9	No centro do mar	Campo semántico. A narración: ñenda, fábula e mito. Palabras con x e s. Contar unha lenda.	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Os perigos da illa	Formación do substantivo. Recursos literarios. Texto, parágrafo, enunciado, frase e oración (análise de oracións, suxeito e predicado). Palabras con g, gu, gü. Recomendar e suxerir.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Como montar en bicicleta	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende distintos tipos de textos en lingua galega.	PE	30
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Revisa e mellora os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detecta de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, valorando a pluralidade lingüística do mundo		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos sinxelos.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega, e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal acompañada sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios ea discriminación polo uso da lingua galega		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir a eficacia lectora mediante o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e identifica os abusos de poder a través da palabra.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Le de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte oralmente a experiencia de lectura		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Le de maneira autónoma textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Escoita e le textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, da literatura galega		
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.

Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos.
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.

Contidos

- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
2	A ponte dos suspiros	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende distintos tipos de textos en lingua galega	PE	22
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Produce textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produci en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Aplica os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Mostra interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais.	TI	78
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Detecta de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, valorando a pluralidade lingüística do mundo		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna.		
CA1.4 - Recoñecer e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra identificados mediante a reflexión grupal sobre distintos aspectos, verbais e non verbais, que rexen a comunicación, tendo en conta unha consideración social equilibrada das dúas linguas.	Recoñece e rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e os abusos de poder a través da palabra		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Comprende o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral		
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos sinxelos		
CA2.6 - Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.	Valora os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Mobiliza, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Utiliza estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquirir a eficacia lectora mediante o gusto pola lectura.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeita os usos lingüísticos discriminatorios e identifica os abusos de poder a través da palabra.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, autores e autoras da literatura galega		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte oralmente a experiencia de lectura		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar		
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Utiliza, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, especialmente da literatura galega, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Escoita e le textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, eda literatura galega		
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Produce, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria		
CA5.8 - Recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.	Recoñece e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Mellora os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística.

Contidos

- Estratexias de recoñecemento de abusos de poder e prácticas discriminatorias pola linguaxe, a través da reflexión grupal.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Estratexias de identificación e interpretación e do sentido global, da información relevante e da integración da información explícita e a realización de inferencias para superar o sentido literal de textos sociais orais e multimodais.
- Procesos: produción oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d
- Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación.
- Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega.
- Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.

Contidos

- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Estratexias para identificar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual das obras de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Lectura autónoma e comentada de obras ou fragmentos variados e diversos da literatura galega adecuados á súa idade e organizados en itinerarios lectores, iniciándose na súa análise.
- Progreso na construción da identidade lectora en textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e para a valoración crítica elemental das obras.
- Interpretación autónoma e compartida das obras literarias en lingua galega a través de conversacións literarias, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar e social.
- Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste e argumentación de puntos de vista, simbolización, elaboración, revisión do proceso, expresión da solución de forma clara, ordenada e coas unidades correctas, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos con explicitación do proceso seguido. - Estimación e relacións

Contidos

- Interiorización de medidas de tempo na xestión das emocións, vivencia do tempo de espera, o tempo de calma, as queandas de intervención, a percepción emocional do tempo e na planificación do traballo e nas secuencias temporais das súas producións orais e escritas.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.
- Utilización de instrumentos de debuxo (regra, escuadra, compás e transportador de ángulos) e programas de xeometría dinámica para a elaboración de conxecturas sobre propiedades xeométricas.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación en táboas e gráficos, notacións inventadas, predición razoada e creación individual e en equipo de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes, con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un modelo matemático con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e creación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo nas regras de xogos, instrucións secuenciais, instrucións aniñadas e condicionais, bucles, patróns repetitivos, representacións computacionais, programación por bloques, robótica educativa.
- Organización e análise de datos
- Estratexias para a realización dun estudo estatístico sinxelo: formulación de preguntas, e recollida, rexistro e organización de datos cualitativos e cuantitativos procedentes de diferentes experimentos a través de enquisas, medicións, observacións, de maneira individual ou en equipo, para aplicar en situacións contextualizadas.
- Extracción, interpretación e explicación de información a través da lectura, descrición e análise crítico de gráficos estatísticos con pictogramas, diagramas de barras ou histogramas e de táboas de frecuencias absolutas e relativas; uso desa información na resolución de problemas.
- Formulación en equipo de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, a interpretación ou a representación de gráficas e táboas de datos.
- Representación de datos en gráficas sinxelas (diagrama de barras, sectores, poligonais e histograma), con recursos tradicionais e tecnolóxicos, e elección do máis adecuado á situación.
- Interpretación, cálculo e aplicación da media e da moda nun rexistro estatístico ou táboas de datos en contextos cotiáns.
- Cálculo e interpretación de medidas de dispersión (rango) para comprender a variabilidade dos datos nun rexistro estatístico.
- Organización de información estatística sinxela e elaboración de diferentes visualizacións dos datos con uso da calculadora e outros recursos dixitais, como a folla de cálculo.
- Relación e comparación de dous conxuntos de datos a partir da súa representación gráfica: formulación de conxecturas, análises da dispersión, obtención de conclusións e exposición das mesmas.
- Incerteza
- Cuantificación e estimación subxectiva e mediante a comprobación da estabilización das frecuencias relativas en experimentos aleatorios repetitivos, previa identificación da incerteza en situacións da vida cotiá.
- Aplicación de técnicas básicas do cálculo para o cálculo de probabilidades en experimentos, comparacións ou investigacións nos que sexa aplicable a regra de Laplace.
- Valoración da contribución de homes e mulleres ao desenvolvemento da probabilidade e da estatística e destas ao desenvolvemento humano.

Contidos

- Inferencia
- Identificación dun conxunto de datos como mostra dun conxunto máis grande e reflexión sobre a poboación á que é posible aplicar as conclusións de investigacións estatísticas sinxelas relacionadas co cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Autorregulación das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas.
- Recursos e estratexias para autorregular as emocións implicadas na frustración ante tarefas matemáticas, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe, fixación de metas e obxectivos realistas e alcanzables, autocontrol e adestramento positivo.
- O reforzo verbal, fomento da participación, gradación das dificultades e identificación de fortalezas como estratexias para desenvolver un autoconcepto positivo ante as matemáticas desde unha perspectiva de xénero.
- Os xogos matemáticos individuais en formatos dixital e físico como adestramento da perseveranza, a confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, desafíos, procura de pistas, xeroglíficos, xogos de codificación e decodificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, o descubrimento, a curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Estratexias persoais para a presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, adaptar ou cambiar o sistema utilizado, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir comprensiblemente o realizado.
- Fomento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: valoración de alternativas, desenvolvemento da flexibilidade cognitiva, estimulación do razoamento, valoración do erro como oportunidade de aprendizaxe e reforzo dos logros.
- Traballo en equipo, inclusión, respecto e diversidade
- Expresión de actitudes empáticas inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, mostrando actitudes de comprensión das emocións e experiencias das demais persoas e de sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula.
- Os equipos colaborativos e cooperativos heteroxéneos, mixtos e diversos para clarificar tarefas, titorizarse, debater e argumentar propostas, chegar a acordos, revisar e analizar producións: escoita e participación activa e empática, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo, habilidades sociais: estratexias e dinámicas cooperativas.
- Estratexias de planificación, control e organización do traballo en equipo para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea, a autoavaliación do funcionamento do equipo e a xestión de conflitos.
- Investigación individual e en equipo sobre a contribución da análise de datos, a xeometría, a numeración, o cálculo e a probabilidade aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.
- Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Matemáticas seguiremos as seguintes liñas metodolóxicas:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe..
- Actividades que partan da observación e experimentación para coñecer os fenómenos naturais da vida cotiá e a comprensión dos cambios da contorna causados pola actividade humana de xeito vivencial e transversal. Porase en práctica o método científico a través de diversas investigacións e traballos.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

METODOLOXÍA ACTIVA

Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino / aprendizaxe.

MOTIVACIÓN

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

- A utilización dunha linguaxe sinxela axeitada ao seu nivel, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, a xerarquización das cales varía segundo a natureza de cada programa.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

APRENDIZAXE COOPERATIVA

Na práctica educativa da aula utilizaremos estruturas e dinámicas cooperativas que permitan ao alumnado assimilar os contidos cooperando cos seus iguais.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses.

PROGRAMA EDIXGAL

Faremos un uso axeitado dos soportes electrónicos así coma dos aplicativos que nos ofrece a maqueta abalar dentro do programa E- dixgal, sabendo diferenciar o que forma parte do coñecemento do que é ocio e desfrute.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS PERSOAIS
RECURSOS MATERIAIS
RECURSOS ESPACIAIS
RECURSOS TECNOLÓXICOS
RECURSOS DIXITAIS

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, orientadora... Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS: Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta, biblioteca de aula e de centro, mochilas viaxeiras.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, horta do centro, aula de informática, aula da radio escolar, así como os diversos espazos da contorna.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores e PDI coa maqueta abalar.

RECURSOS DIXITAIS: Entorno virtual de aprendizaxe E- dixgal, enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, entre outros.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpora o alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica (esta farase de forma escrita). Dita avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia .
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

- Xuntanza co Departamento de Orientación así coma co mesre/a titor/a do curso pasado, para recoller información relevante do alumnado.

Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Levaranse a cabo unhas probas escritas nas que se avaliará o nivel competencial en; numeración, cálculo e resolución de problemas. O resultado daranos información para saber de onde temos que partir.

- Valorarase tamén a autonomía e os aspectos afectivo- sociais.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	16	12	20	12	12	14	6	18	18	0
Táboa de indicadores	84	88	80	88	88	86	94	82	82	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	13
Táboa de indicadores	87

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán incluídos na devandita adaptación.

Con carácter xeral, determinaranse os criterios de cualificación en cada unidade didáctica, en función das porcentaxes marcadas polos instrumentos de avaliación determinados na programación: as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo nos cadernos, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas (controis, exames...). Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como aspectos tales como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións ao longo do curso, teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores e probas escritas que imos utilizando en cada UD

A nota final, será a obtida no terceiro trimestre.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe, segundo se establece na ORDE do

26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a.

Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoptando as seguintes medidas:

-Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.

-Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

-Partiremos do nivel de cada alumno/a.

-Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

-Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

O reforzo educativo realízase tanto dentro, coma fora da aula ordinaria, polo titor e, noutras ocasións, polas mestras especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe .

En todo caso intentarase:

-Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.

-Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.

-Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro . Ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo (estas sesións levaranse a cabo o último venres do mes).

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias temos o apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe. Neste caso a especialista en Pedagogía Terapéutica realizarán 2 sesións de apoio tanto dentro coma fora da aula.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, ...

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais, dispoñibilidade de rede nos fogares...

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lecturas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento		X	X					
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a Paz.		X	X	X				
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo social	X							

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lecturas	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X
ET.6 - Espírito científico	X	X
ET.7 - Espírito do emprendemento		
ET.8 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X

	UD 9	UD 10
ET.9 - Educación para a Paz.		
ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento.	X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo social		

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas á contorna.	Aproveitaremos a contorna para actividades relacionadas coa área	X	X	X
Visitas a museos, organismos culturais ou outros centros de interese	Sairemos da aula para buscar arte matemática na nosa contorna.	X	X	X
Conmemoracións	As recollidas no calendario escolar.	X	X	X
Obradoiros	Horta, expresión escrita...	X	X	X
Saídas de fin de curso	Saídas relacionadas co proxecto integrado: Campaña solidaria dende a Guía.			X

Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe na consecución dos obxectivos propostos na área para o sexto curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Temporalización.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Rol do docente
Motivación do alumnado

Descrición:

Farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas .

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de de Avaliación trimestral.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqúí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019438	CEIP A Guía	Moaña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual. As UD desta PD están concibidas para dotar ao alumnado de ferramentas que lles permitan expresar a música mediante a expresión corporal, o canto, a instrumentación, a linguaxe musical e a audición. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores. A UD 4 responde ao proxecto PDI de centro, chamado "Campaña solidaria dende A Guía", no que traballaremos transversalmente durante todo o curso, investigando sobre cancións relacionadas cos valores que enmarcan a solidariedade para cantar, analizar, escoitar ou interpretar con instrumentación Orff. Esta programación didáctica desenvólvese no CEIP A Guía, centro ubicado na parroquia de Meira, pertencente ao concello de Moaña, na provincia de Pontevedra. Trátase dun centro situado nun entorno semiurbano de vivendas unifamiliares na súa maior parte. O nivel sociocultural da zona é medio, con moitas familias onde traballan os dous pais, quedando os nenos ao coidado dos avós, pero preocupados pola educación dos seus fillos. A actividade económica das familias é moi variada, unha parte moi importante da poboación vive de actividades relacionadas co mar, pesca, marisqueo, bateas, asteleiros, e con traballos relacionados co sector servizos (hostalería, construción, comercio...) tanto en Moaña como en Vigo.

En canto ao idioma vehicular, a totalidade do alumnado entende o galego, aínda que o uso do castelán é maioritario. O colexio está formado por dous niveis de Educación Infantil e seis niveis de Educación Primaria, sendo este un centro dunha única liña e oito unidades.

A aula de sexto de Primaria ten escolarizados 11 alumnos e alumnas en total.

Por último, cabe salientar o carácter flexible e aberto desta programación que a continuación se describe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Música a escena	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 5º primaria insistindo de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	15	7	X		
2	O noso patrimonio	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	Baile e música	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Campaña solidaria dende A Guía	Esta UD traballa o PDI de centro durante todo o curso, no que investigaremos cancións relacionadas cos valores ou fins solidarios, preguntando na nosa contorna máis cercana ou investigando, para escoller algunha para interpretar.	40	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Música a escena	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa: redonda, branca, negra (con puntiño e silencios), corchea e silencio, dobre corchea, 4 semicorcheas; barras divisoria, final e repetición; clave sol, comp. 2/4, 3/4 e 4/4.	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre diferentes xéneros da música dramática, destacando a ópera, a zarzuela e o musical, explicando algunha diferenza entre elas.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Toca na fruta as notas do-si; fa díese; si bemol; do-sol agudos. Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Interpreta, con pequena percusión un bordón con base musical.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Clasifica as propostas de danza en danza tradicional, danza clásica e danza moderna argumentando a súa decisión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora grupalmente nun dinA4 o deseño dun mural destinado para fondo dun decorado dunha representación musical dramática e argumenta para que tipo de obra ou historia sería.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións. Clasificación e comprensión dos mecanismos de produción sonora en cada un. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción á diferenciación auditiva entre subdivisión binaria e ternaria. - A melodía e a forma musical. Identificación de formas sinxelas: monotemáticas, binarias, ternarias, canción popular, rondó simple e canon. - A harmonía. Concepto de acorde, consonancia e disonancia. Diferenciación auditiva entre acorde maior e menor. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Principais xéneros musicais. - Vocabulario específico de música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada

Contidos

- na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Profesións vinculadas ás artes escénicas performativas. Coñecemento e valoración.
- Xéneros escénicos: aproximación a estes. Valoración da importancia da interpretación dramática no proceso artístico e do patrimonio vinculado ás artes escénicas e performativas.
- Elementos fundamentais da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica.
- Vocabulario específico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- O corpo e as súas posibilidades motrices, dramáticas e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión.
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Nocións elementais de biomecánica. Linguaxes expresivas. Introducción aos métodos interpretativos. Experimentación con actos performativos. Improvisación guiada e creativa. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	O noso patrimonio	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e describe ligadura de unión, matices (ff, mf, f, mp, p, pp), dinámicas (cresc., dim.), tempo (lento, andante, allegro, presto; Acell., Rit.) e articulación (picado, ligado).	PE	20
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre músicas para bailar de orixe latinoamericana, especialmente as máis coñecidas en Galicia, destacando ranchera, corrido, merengue, chachachá, bachata, cumbia e salsa, identificando algunhas.	TI	80
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía (8 c. de 2/4, 6 de 3/4 ou 4 de 4/4); do, re, mi, sol, la e do agudo; redonda, branca e negra con silencios e puntiño (agás negra con puntiño), dobre corchea e 4 semicorcheas.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4, 3 de 3/4 e 2 de 4/4: redonda, branca, negra (puntiños -agás negra- e silencios), silencio corchea e corchea, dobre corchea e 4 semicorcheas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais e mostra unha actitude positiva.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre bailes de orixe latinoamericana, especialmente as máis coñecidas en Galicia, destacando ranchera, corrido, merengue, chachachá, bachata, cumbia e salsa, identificando algúns.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora e comprende as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas e mostra unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Participa grupalmente nos diferentes bailes latinoamericanos realizados. Realiza o paso base do merengue, a bachata, salsa e chachachá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
